

ACTA DA ASAMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL.

Cambados a vinteseite de decembro de dous mil oito.

No local social da FGCMF, sendo as dezoito horas e en segunda convocatoria da comezo a Asamblea Xeral convocada baixo o seguinte,

ORDE DO DÍA:

1. Lectura da acta anterior e aprobación se procede.
2. Orzamento 2009 e informe de situación 2.008.
3. Xestións realizadas desde a última asemblea 11 outubro 2008
4. Avance calendario actividades 2009
5. Encontro de Muros 2009
6. Cambios na xunta directiva
7. Rogos e preguntas.

ASISTENTES:

Pola Xunta Directiva: Fernando Piñeiro, Víctor Fernández, Braulio Puga, Uxío Allo, Xaquín Lores e Antón Pais.

Polas Asociacións: G.E. Mascato, A.M.A.D. San Miguel de Bouzas, A.C.D. Dorna, Amigos da Dorna Meca, Clube Mariño Salnés, A. Rabandeira, Barcas do Minho, Gameleiros Breadouro, A.D.X. Fasquía..... **COMPLETAR ASOCIACIÓNS.**

Actúa como presidente Fernando Piñeiro e Secretario Antón Pais.

1. Lectura e aprobación da acta anterior.

Procedese a lectura da acta anterior, [do 11 de outubro], que se aprobou sen novidade.

2. Orzamento 2009 e informe de situación 2.008.

Sobre o orzamento do 2.009 entregase os asistentes unha folla co orzamento previsto, comenta F. Piñeiro que queda condicionada o IX Encontro, pois dependerá si as achegas que se fagan para este acto sexan tramitadas pola FGCMF o a traves da propia Comisión Organizadora.

Escomezase facendo un repaso pola situación económica actual, informa da situación de Ferrol, que o 31 de outubro falou persoalmente con Pablo Villamar da Deputación da Coruña, que o informou de que no mes de setembro (no trámite interno) houbera un fallo dun administrativo, e que ese mesmo día (31/10/08) entraba no “modificando” de outubro.

Que non son relevantes os movementos producidos no último trimestre, que considera que a saúde financeira é positiva, tendo nas contas en banco o redor dos 11.000,00 €, lamentando o tema de Ferrol que non se dá resolto.

Fernando comunica tamén que a Fundación Deporte Galego non ve axeitado a asinar coa Comisión Organizadora de Muros. Referiu con respecto ás conversas para a organización do próximo evento de Muros que a Fundación para o Deporte Galego puxo de manifesto a imposibilidade de asinar convenio coa comisión organizadora do Encontro toda vez que a súa relación, que xustifica esta aportación económica, é coa propia FGCMF. e non con outra entidade, que isto suporía un inconveniente. Por iso dí que haberá que asumir unha vez máis ese compromiso a pesares da reticencias e inconvenientes que a propia Asamblea ten manifestado despois da organización do Encontro de Ferrol.

Víctor sinala que a FGCMF (para a FDG.) ten a exclusividade de organizar os Encontros, e se non fose así tería que ir a concurso os 150.000 euros previstos para Muros.

Voltando o orzamento -dí Fernando Piñeiro- para este ano vindeiro vai ser continuista pois non se aprecian cambios importantes.

Informase que a administración que xa manifestou o desexo de asinar coa Comisión Organizadora de Muros foi a Deputación de Acoruña (despois dos problemas da edición ferrolana). Co resto das administracións esta por ver como se fará, non tendo nada decidido.

Coméntase, que nos orzamentos previstos para Muros, se preve que haxa diñeiro para un xestor do Encontro de Muros, que se ocupe do control e xestión administrativa do mesmo, isto inclúe o trámite do cobro das axudas e mesmo dos pagamentos.

No tocante ó avance de contas para o 2008 falou Fernando Piñeiro anunciando que están pendente de cobro 3.000,00 euros de unha axuda da Consellería de Industria, dos cales haberá que pagar aproximadamente 1.000,00 € o Nautico de San Vicente coorganizador do evento motivo da axuda, por gastos que eles realizaron.

Segue coleando o retraso do pagamento do Encontro de Ferrol resta aínda unha parte que se cubrirá co ingreso a Deputación, informouse

do criterio seguido ata agora para realizar os pagos, suliñando que se dou preferencia os pequenos e que non estiveran acostumados a traballar cos "retrasos" da administración. Que o ingreso da Deputación servirá para facer os pagos pendentes e rematar co tema.

Con respecto o convenio de Brest, informase que aínda están pendentes de cobro 55.00,00 euros, toda vez que non rematou o tramite, F. Piñeiro informa que non debemos ter problema no mesmo, a documentación esta pendente dos últimos pasos, por mor de que se esixe xustificación do pago das facturas (todas) e ahí está o problema que se ten que resolver, estado a piques de resolverse sen que esto supoña un inconvinte serio para que en breve se presente a documentación e se proceda o cobro. Tamén se informa do prexucio económico que ocasionara o pago do IVE. (imposto sobre o valor engadido) derivado da factura realizada para o cumprimento do convenio.

Dase por rematado o asunto económico, aprobándose o orzamento presentado para o 2.009.

3. Xestión realizadas dende a última assemblea.

Presenza no Salón Náutico de Barcelona . Os membros da Directiva (Fernando Piñeiro, Braulio Puga e Uxío Allo) que estiveron en Barcelona comentan brevemente a actuación da FGCMF e o proveito de estarmos nese evento. Consideran que a viaxe se fixo pesada, pero que é rendíble. Efectuouse facendo dúas tandas levando embarcacións e persoal. Apreciase que Galicia xoga un papel referente no resto do Estado. Foi positiva a repercusión dada polos medios de comunicación. Levouse a exposición que se fixo con motivo dos actos de Pedras Negras (O Grove) e de embarcacións exhibiuse unha dorna e fíxose a actividade de aparelala.

Uxío manifesta que o principal problema á hora de acudirnos a ese Salón Náutico é o do persoal, tanto ou máis co custo económico.

Igualmente neste marco fíxose unha presentación dos futuros IX Encontros de Embarcacións Tradicionais en Muros por parte do presidente da FGCMF e o presidente do comité organizador do IX Encontro. Manolo Sendón (Presidente da Comisión do Encontro de Muros) manifesta vir impresionado polo papel que a FGCMF desempeñou en Barcelona.

De Ardentía apunta Fernando que según se lle comenta dende o consello de redacción hai material de abondo para sacar outro número para o Encontro de Muros 2009 e que para esas datas estará feito.

Sin mais considerase tratado, toda vez que outras xestións realizadas están directamente relacionadas con temas económicos e referidas o Encontro de Muros, polo que se informou no punto anterior e se coentará no punto quinto da orde do día.

4. Avance Calendario de Actividades 2009.

No asunto do Calendario de Actividades do 2.009, lembrouse ás asociacións que foran entregando ás datas escollidas deste ano para a celebración de actos canto antes e poder si fora posible amañar datas evitar coincidencias.

Anunciábase que xa o fixo así o Encontro de Lanhelas (Portugal) que xa anunciou que vai ser o 3 ,4 e 5 de Xullo do 2008, lembrouse o compromiso que existe coas asociacións portuguesas, todas vez que elas adoitan asistir os nosos eventos.

Braulio informa de que en marzo é o Salón Náutico de Vigo e que en maio é o encontro do Seixal. Fálase, particularmente, de acudir a este último. Antón Pais informa con detalle do que representa o encontro do Seixal (presenza dunha frota de barcos a vela en activo, inusual no sur de Europa; os ecomuseos, a consevación dos peiraos...).

Fernando tamén fala da celebración da "Semaine du Golfe" en Morbihan, Francia, un evento diferente a Brest e onde asisten moitas pequenas embarcacións, celebrarase no mes de maio.

5. Encontro de Muros.

Durante a celebración da assemblea xa se fixeron comentarios e deronse informacións referidas o mesmo e abondando comentábase:

Que se fixeron varias reunións coa Fundación para o Deporte Galego, Deputación de A Coruña, Consellería de Turismo (Xunta de Galicia)...

O orzamento que se baralla inicialmente é de 300.000 a 350.000 euros (o cal está recollido nunha memoria).

As partidas máis importantes son as de carpas, pantalán, alimentación. Faise a observación de que, segundo a distinta valoración de factores poden subir e baixar.

Luís da Rabandeira pide axuda para os barcos que se van desprazar por mar, Fernando Piñeiro responde que ese apoio é un tema moi

delicado que haberá que tratar.

Polo que toca á idea de darlles ós vascos o tratamento de Convidados de Honra a Presidencia informa dunha delegación de 18 alcaldes vascos da costa, que trouxo o Cetmar e que se achegaron ó Museo do Mar, O Grove ... e cos cales se aproveitou e mantiveron conversas, dandoselle datos do significado do Encontro e da representación que xa veñen mantendo os vascos O resultado é incerto en canto a súa colaboración, polo que a mesma incertidume afecta o convidado de honra

6. Cambios na Xunta Directiva.

Faise o anuncio da renuncia de Fernando Mateo da Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais de A Coruña que se une o desexo xa expresado polo presidente Fernando Piñeiro. Para cubrir estas vacantes pola XD. Fíxose unha rolda de solicitudes polas diferentes zonas que ten a FGCMF. e presentáronse varios voluntarios. Do norte apuntáronse dúas persoas: María Jesús Durán do Clube de Mar de Ferrol e José Carlos de Amigos das Embarcacións Tradicionais de A Coruña. A XD. considera que debería haber tamén alguén de Barcas do Minho.

Polo sur falouse positivamente con Sueste do que Juan manifestouse receptivo a participar na xunta directiva.

Enlazando co asunto do cargo de tesoureiro falouse da necesidade de estar ás contas das cotas ó día das varias asociacións que aínda non están ó corrente. Menciónase o problema de non domiciliar os pagos que algunhas asociacións aducen para explicar a súa demora no pagamento das cotas obrigatorias da FGCMF.

7. Rogos e preguntas.

Luis de Rabandeira falou preguntando sobre as axudas da deputación de Pontevedra que van con retraso. Informáronse que non foi posible manter unha reunión co presidente da Deputación (aínda que se solicitou) pero que en diferentes foros se ten coincidido con Jose Juan Durán, vicepresidente, e que ten manifestado o seu desexo de colaboración, o feito constatado e que no exercicio 2.008 non as convocaron e que se espera a súa convocatoria para o 2.009.

Pola súa banda Xaquín Lores fai a suxerencia de que en vista das eleccións de marzo próximas facer unha toma de contacto cos partidos políticos para coñecer cal é a súa postura en torno á situación do patrimonio marítimo e as súas ideas e propostas neste

sentido. Comentase este feito sen conclusión expresa.

E non habendo máis asuntos que tratar levantouse a sesión á s 20,30 h do día da data.

O Secretario,
Antón Pais Rodríguez.

Vº e Prace do presidente,
Fernando Piñeiro Oubiña